# Segundo Workshop do Proxecto A PONTE

- Actualizado (28.09.2005)

O vindeiro 4 de novembro celebrarase o segundo Workshop do Proxecto A PONTE na localidade portuguesa de Ponte de Lima. Nel reuniranse todas as partes implicadas no proxecto: os membros do Consorcio A Ponte (CESGA, SEMA Group, AURN, SBLN, CEEL) e os profesores das escolas participantes no proxecto en Galicia e na Regiao Norte de Portugal.

O Workshop marca o comezo das experiencias pedagóxicas nas escolas A Ponte, nas que se desenvolven diferentes actividades encamiñadas ao uso das novas Tecnoloxías da Información e Comunicacións (TIC) no ensino en áreas rurais de Galicia e do Norte de Portugal.

Para máis información sobre o proxecto e as actividades que se desenvolven nel, visite a Web A PONTE